

ACORDOS NÚMERO 13/2017
SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 22 de xuño de 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día vinte e dous de xuño de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Mnauel Cancela Cancela

Secretario acctal.:

D. Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

- 1.- ESCRITOS VECIÑOS.-
- 2.- SOLICITUDE DE AXUDA ECONOMICA PARA A SOCIEDADE DE CAZA TORDOIA E PARA O CLUB DE CAZADORES VILADOABADE.-
- 3.- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
- 4.- APROBACION DE FACTURAS.-
- 5.- CERTIFICACION DE OBRAS.-
- 6.- LICENZA DE OBRA PARA CUBRICION DE FOXA DE XURRO E LEGALIDADE DE ALPENDRE.-
- 7.- LICENZA DE OBRA PARA INSTALACION ELECTRICA PARA TALLER DE MAQUINARIA AGRICOLA, SOLICITADA POR X.X.X.X.-
- 8.- AXUDAS PARA O INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTIS 0-3 E DOS PUNTOS DE ATENCION A INFANCIA (PAI).-
- 9.- CIRCULAR SOBRE APROBACION DO PLAN UNICO DE CONCELLOS POS +2017.-
- 10.- ESTUDO DE ESTRUCTURA ENERXERICA DAS INSTALACIONS MUNICIPAIS.-
- 11.- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- ESCRITOS VECIÑOS.-

A) De don A.A.A., solicita que se lle conceda o uso exclusivo da aula esquerda da antiga escola de Vilarchán, en horario de 20:00 a 23:00 horas xoves e sábados para cursos de pandeireta, cante e baile.

Acordos adoptados:

A concesión no horario e días sinalados, salvo que, por razóns necesarias, o Concello poida varialos.

B) Da Asociación de Veciños de Vila de Abade, polo que solicitan sexan retirados os eucaliptos plantados no campo de fútbol de Vila de Abade e que todo aquel que sexa visto tirando lixo no entorno sexa sancionado.

Acordos adoptados:

Remitilo a oficina xurídica, para que emita informe ao respecto.

2.- SOLICITUDE DE AXUDA ECONOMICA PARA A SOCIEDADE DE CAZA TORDOIA E PARA O CLUB DE CAZADORES DE VILADOABADE.-

Acordos adoptados,;

1. Conceder unha axuda económica de igual importe que no exercicio anterior.

3.- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-

Acordos adoptados:

1. Autorizar a conexión ao abastecemento da rede de augas municipais, previa liquidación das correspondentes taxas, debendo cumprir o cumprimentado no informe do servizo municipal de augas do veciño B.B.B. con domicilio en Cabaleiros - Tordoia.

4.- APROBACION FACTURAS.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar as facturas relacionadas por un importe total de: 86.284,45€

2. Ordear a Tesourería Municipal que proceda ao pago previa intervención da Interventora das cantidades das facturas relacionadas por un importe de 86.284,45€

REX.	INTERESADO	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
2017/1102	Obra y Viales de Galicia, S.L.	Certf.nº1 e final Acceso a CPI PECALAMA	30.000,00€	153261904
2017/1116	Excavaciones Suárez Becerra, S.L.	Plantacións eucaliptos en Croto polg.502 parcela 935	2.555,52€	17921000
2017/1117	Excavaciones Suárez Becerra, S.L.	Plantacións eucaliptos na parcela 1362 polg.501	2.214,78€	17921000
2017/1124	SYR-AMG,S.L.	Execución bancada no	46.482,11	93362204

		campo de fútbol de Gorgullos		
2017/1129	Probisa Productos Bituminosos,S.L.U.	Mezcla bituminosa	1.667,94€	153121000
2017/739	Talleres Manuel López,S.L.	Reparacións varias	1.236,62€	13221400
	Ediciones Francis Lefebvre, S.A.	Pack derecho administracion publica	2127,48	20192022000

5.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.-

Acordos adoptados:

-Vista e informada favorablemente nos propios termos da súa redacción, a certificación 1 y final da obra “ Execución de bancada no campo de fútbol de Gorgullos” do plan Acción Social (PAS) 2015, por importe de 56.243,35.-€, (FACTURA Nº 1-017022 partida 93362204) emitida polo director da obra don J.C.R.M., Enxeñeiro de Camiños da obra, sendo adxudicataria SYR-AMG,S.L.

- Vista e informada favorablemente nos propios termos da súa redacción, a certificación 1 y final da obra “Acceso de CPI Pecalama (Pontepedra)” do plan Acción Social (PAS) 2015, por importe de 30.000,00€ (FACTURA Nº EO0000 74) emitida polo director da obra don J.C.R.M, Enxeñeiro de Camiños da obra, sendo adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L..

6.- LICENZA DE OBRA PARA A CUBRICION DE FOSA DE XURRO E LEGALIZACION DE ALPENDRE, SOLICITANTE C.C.C..-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a seguinte licenza urbanística con suxeición ao proxecto presentado e ás normas de edificación e condicións particulares e xerais establecidas nas correspondentes Leis e Ordenanzas:

- a) PROMOTOR: C.C.C.
- b) SITUACION EMPRAZAMENTO: parroquia de Andoio
- c) Referencia catastral: Polígono X parcela XXX (XXXXXXXXXXXXXXXXX e XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX)
- d) TECNICO AUTOR DO PROXECTO: C.D.T.
- e) PRAZO PARA INICIO E TERMINACION DAS OBRAS: segundo disposto no punto 3º
- f) CONTÍA NAS QUE SE ORZAN AS OBRAS, EXECUCIÓN MATERIAL: 50.378,32-€
- g) ALTURA, SUPERFICIE CONSTRUÍDA E OCUPACION DE PARCELA PERMITIDOS: 7 mts, 40,29%, 21599 m2
- h) FINALIDADE DE ACTUACIÓN E USO AO QUE SE DESTINARÁ: cubrición de foxa de xurro e legalización de alpendre
- i) CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA DO SOLO OBXECTO DE ACTUACIÓN: Solo Rústico (LOUPMRG)
- j) TITULO PROXECTO: ampliación de explotación gandeira existente, mediante cubrición de foxa de xurro e legalización de alpendre

Segundo.- Aprobar a liquidación de dereitos municipais, de acordo coas ordenanzas fiscais municipais reguladoras, sen prexuízo das comprobacións que procedan sobre o custo real e efectivo da obra, unha vez concluída e das liquidacións complementarias que resulten procedentes.

Terceiro.- O prazo de iniciación non poderá exceder de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, a contar igualmente a partir da notificación desta resolución, non podendo interromperse as obras por tempo superior a SEIS MESES.

Cuarto.- A presente licenza concédese salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, así mesmo, das autorizacións e concesións a outorgar por outras administracións públicas.

Quinto.- Antes do inicio das obras, deberanse achegar os oficios de dirección de execución, e de coordinación de seguridade e saúde. Non obstante, consta no expediente unha resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, na que se indica que calquera ampliación do número de cabezas de gando implica a construción dunha nova foxa de purín, ata acadar unha determinada capacidade de almacenamento. Este aumento da capacidade supón unha nova modificación da actividade, que deberá ser tramitada de acordo co procedemento establecido na normativa (licenza de obra previa) tal e como se indica no informe técnico do 20.06.2017.

Sexto.- Realizadas as obras obxecto desta licenza DEBERÁ PRESENTAR CERTIFICADO FINAL DE OBRA para a súa comprobación polos servizos técnicos municipais.

7.- LICENZA DE OBRA PARA INSTALACION ELECTRICA PARA TALLER DE MAQUINARIA AGRICOLA, SOLICITADA POR X.X.X.X.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a seguinte comunicación previa de obras con suxeición ao proxecto presentado e ás normas de edificación e condicións particulares e xerais establecidas nas correspondentes Leis e Ordenanzas:

- a) PROMOTOR: X.X.X.X.
- b) SITUACION EMPRAZAMENTO: Castenda
- c) Referencia catastral:Edificio: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX / Finca: polígono XX , finca XXX (XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX)
- d) TECNICO AUTOR DO PROXECTO: A.F.S.
- e) PRAZO PARA INICIO E TERMINACION DAS OBRAS: segundo disposto no punto 3º
- f) CONTÍA NAS QUE SE ORZAN AS OBRAS, EXECUCIÓN MATERIAL: 3.300.-€
- g) FINALIDADE DE ACTUACIÓN E USO AO QUE SE DESTINARÁ: Instalación eléctrica de baixa tensión.
- h) CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA DO SOLO OBXECTO DE ACTUACIÓN: Solo Rústico (LOUPMRG)
- i) TITULO PROXECTO:eléctrico de baixa tensión e de protección contra incendios.-

Segundo.- Aprobar a liquidación de dereitos municipais, de acordo coas ordenanzas fiscais municipais reguladoras, sen prexuízo das comprobacións que procedan sobre o custo real e

efectivo da obra, unha vez concluída e das liquidacións complementarias que resulten procedentes.

Terceiro.- O prazo de iniciación non poderá exceder de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, a contar igualmente a partir da notificación desta resolución, non podendo interromperse as obras por tempo superior a SEIS MESES.

Cuarto.- A presente licenza concédese salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, así mesmo, das autorizacións e concesións a outorgar por outras administracións públicas.

Quinto.- En cumprimento do artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 361 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de solo de Galicia, considérase que a documentación presentada está completa, no que atinxe ó inicio dos actos suxeitos á comunicación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello, tal e como se indica no informe técnico do 20.06.2017.

8.- AXUDAS PARA O INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTIS 0-3 E DOS PUNTOS DE ATENCIÓN A INFANCIA (PAI).-

Polo señor alcalde dase conta do decreto nº 104/2017 en onde se acorda solicitar unha axuda para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento do Punto de atención a infancia deste concello para o seguinte:

- Obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas dos centros de atención a infancia así como obras de escasa contía que melloren a accesibilidade ou doten o edificio de servizos necesarios: Revestimento e decoración do muro do patio exterior: 600,00€.

- Adquisición e mellora do equipamento do centro, incluída a compra de mobiliario interior e exterior e de material didáctico e de xogo: mobiliario interior e electrodomésticos, mobiliario exterior, material didáctico, material de xogo: 15.598,74€

- Dotación de conexión á internet e compra de dispositivos para a integración de novas tecnoloxías na aula: 2.772,79€.

9.- CIRCULAR SOBRE APROBACION DO PLAN UNICO DE CONCELLOS POS + 2017.-

Pola Presidencia dase lectura da providencia emitida pola Alcaldía con data 21 de xuño de 2017 que é do tenor seguinte:

“Recibida a circular da Presidencia da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos)POS+ 2017 no que se informa da forma e prazos para contratar as obras incluídas no citado Plan e que foron aprobadas por unanimidade polo Concello Pleno con data 17 de febreiro de 2017, e que son do tenor seguinte:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
CAMIÑO BURGÁN LÍMITE CON TRAZO	64.100,43.-	0,00.-	64.100,43.-
CAMIÑO BRANDOÑAS – ABRES (ANXERIZ) E OUTROS	51.269,61.-	0,00.-	51.269,61.-
CAMIÑO INTERIOR EN PARADELA (LEOBALDE) E OUTROS	35.809,01.-	0,00.-	35.809,01.-
CAMIÑO CASTRILLÓN – VILAROSCURO E OUTRO	52.575,81.-	0,00.-	52.575,81.-
T O T A L	203.754,86.-	0,00.-	203.754,86.-

Dada as características da obra, incluídas dentro dos artigos 171.d e 177.2, do TRLCSP, parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade, consultando polo menos a tres empresas capacitadas para a realización dos obxectos dos contratos, e que contén con informes favorables de plena satisfacción de realización de traballos feitos para esta e outras administracións así como a publicación da licitación no perfil de contratante do Concello co fin de que asegurar a transparencia e o acceso público á información dos interesados a licitación aberta relativa aos proxectos descritos, acordo:

PRIMEIRO. Que a interventora emita un informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente para os efectos de determinar o órgano competente para contratar.

SEGUNDO. Que Secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir.”

A Xunta de Goberno Local, dase por enterada.

10.- ESTUDO DE ESTRUTURAS ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.-

Pola Presidencia infórmase do resultado do estudo realizado por S.C., sobre a diagnose ambiental das dotacións municipais dentro do programa Plan de Medio Ambiente da Deputación da Coruña, e que lle foi adjudicado en Xunta de Goberno Local con data 8 de marzo de 2017 por importe de 5.000.- €.

A Xunta de Goberno Local dase por informada.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:15 h.